

TURISMO DE SANXENXO, S.L. - Concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán de 2022

O presente Informe ten por obxecto examinar a documentación presentada pola Asociación de Personas con Discapacidad Física no concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán de 2022, tras o requirimento efectuado por TURISMO DE SANXENXO, S.L. ao amparo da Base 10 do Prego, para determinar se procede admitir ou non a esta entidade participante.

Á vista da documentación presentada en data 1 de xuño de 2022, como complemento á obrante no Sobre 1 presentado inicialmente, entendemos que a solicitude presentada por esta Asociación reúne os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida.

Esta é a miña opinión, que someto a calquera outra mellor fundada en Dereito.

En Sanxenxo, a 2 de xuño de 2022.



Colexiado nº1262 ICA Vigo